

MINISTERIO DE INTERIOR

Mesa Delegada

26/10/2023

Achégase a información resultante da xuntanza de Mesa Delegada de Interior:

O concurso específico da DGP está en fase de publicación de puntuacións provisionais como xa sabedes. En breve constituirase a comisión de valoración.

De cara a publicación do vindeiro concurso xeral de méritos do ámbito DGP están a revisarse xa os postos que se han convocar. A Administración insiste en que, por falta de capacidade de xestión da aplicación e do propio persoal que atende o procedemento dos concursos, non poden asumir a publicación de prazas en resultas. Non obstante informan que, de cara a atopar unha solución ao grande número de vacantes que xeneran os concursos que poden resultar interese para o persoal, promoverán tras a súa resolución, un outro pequeno concurso que permita cubrir as vacantes xeneradas de maior interese para o persoal.

Outra cuestión que ía na orde do día de todas as organizacións sindicatos foi a queixa polos continuos cortes de conexión nas oficinas de expedición. Literalmente a resposta de loxística: “tratando de identificar y minimizar los errores”. Quedamos como estabamos...

A través do Plan de identidade dixital van incorporarse dous cupos de persoal interino para postos de atención ao público. O primeiro permite a ocupación por este persoal en 100 prazas vacantes, ningunha na Galiza. O segundo cupo permite a contratación por un período de 9 meses de 150 persoas das listas de interinxs. A relación de destinos para este último cupo está sen acabar de definir polo que non nos confirman os rumores que xa circulan por algunhas comisarías galegas de próximas incorporacións. Remitirán a relación cando teñan o reparto completo. Que non estrañe, polo tanto, que nalgunhas localidades se incorpore proximamente algún persoal temporal.

Desta volta a Administración vén en darnos a razón ás organizacións sindicais cando mantiñamos que o persoal de corpos xerais non ten obriga de formar ao persoal do CNP en materia de expedición. Así, distribuíse unha circular en todo o ámbito no que se indica que esa formación debe ser impartida por persoal do seu propio corpo.

Por outra banda, tamén se recoñece por fin que o persoal de corpos xerais non debe levar a recadación do día sen acompañamento policial, e así se trasladará a todas as unidades.